

27º Certame de narracións breves

MA
NU
EL
MUR

A
I
G

Eduardo Casal



Paseo fluvial s/n, 15142 Arteixo (A Coruña)
Tel. +34 981 641 803 (Ext: 4100) / Fax 981 641 879
cultura@arteixo.org / www.arteixo.org

O Concello de Arteixo, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar ao noso Patriarca, convoca con carácter anual o Premio “Manuel Murguía” coas seguintes

BASES

1. Poderán concorrer todas as autoras e autores que o desexen con unha única obra, de temática libre e escrita en lingua galega.

2. Os relatos, que deberán ser orixinais e inéditos en calquera soporte (papel, electrónico, etc.), deberán ofrecer unha extensión non inferior a 15 páxinas nin superior a 30, estaren escritos con letra arial, corpo 12 e tamaño DIN A4.

3. Os traballos presentaranse por cuadruplicado, mecanografados a duplo espazo, por unha soa cara e incluírán unicamente na portada o título da obra e un lema ou pseudónimo. Xuntarase unha copia do texto nun CD en formato LibreOffice, Word ou similar. Nun sobre pechado, no que tamén serán visibles o título e o lema, achegaranse no seu interior.

4. As obras deberán enviarse, facendo constar no sobre “27º Certame de Narracións Breves Manuel Murguía”, antes do 15 de febreiro de 2018 ao seguinte enderezo.

Concello de Arteixo

Praza Alcalde R. Dopico, nº 1

15142 Arteixo

A Coruña

5. Establécense tres premios: un primeiro premio dotado con 4.000,00 €, un segundo de 500,00 € e un terceiro de 300,00 €, todos eles sometidos á

correspondente retención. Os galardóns poden declararse desertos.

6. O xurado, constituído por membros de recoñecida solvencia, será designado polo Concello de Arteixo e fará pública a súa decisión inapelable no mes de maio de 2018.

7. Os/As tres finalistas deberán estar presentes o día da entrega para recibir os premios.

8. Os orixinais non premiados poderán ser devoltos, sempre que o soliciten os/as seus/súas autores/as por escrito no prazo máximo de un mes a partir do ditame.

9. No caso de que por iniciativa do Concello se editen os textos en papel, os dereitos derivados de tal publicación poderán ser aboados mediante a entrega dun número de exemplares calculado para tal efecto. Os/As autores/as farán constar en edicións en papel ou electrónicas posteriores da súa obra que foi premiada neste certame.

10. A interpretación destas bases correspóndelle exclusivamente ao xurado. O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

Arteixo, novembro de 2017

De conformidade co que dispón a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para o envío de información relacionada co Certame de Narracións Breves Manuel Murguía. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.